



Aliento de Vida y Luz del Camino: El Espíritu, intérprete de la Palabra

J. Kakichi Kadowaki (póstumo), Juan Masiá SJ e Pedro Vidal,
editores e tradutores, San Pablo, Madrid, 2020, 190 pp.

Este libro preséntanos –con vontade de actualización e síntese– o legado intelectual e espiritual dun mestre nipón non demasiado coñecido entre nós¹. A misión á que consagrou a maior parte da súa vida consistiu en explorar e vivir o nexo profundo entre as tradicións sapienciais de Oriente, particularmente o zen, e a filosofía e a mística do Occidente cristián. Unha ollada á traxectoria

do autor e ás circunstancias da edición desta obra pode resultar esclarecedora.

J. Kakichi Kadowaki (1926-2017) recibiu o bautismo durante os seus estudos universitarios e, tres anos despois da súa graduación, entrou na Compañía de Xesús cun noviciado baixo o maxisterio do P. Arrupe. Estudou teoloxía en Roma nos anos do Vaticano II, doutorándose na Universidade Gregoriana cunha tese sobre o coñecemento por connaturalidade en Tomé de Aquino. Algunhas estancias en Xerusalén e Alemaña permitíronlle profundar, respectivamente, na súa formación bíblica e no coñecemento do Mestre Eckhart. Volto ao seu país e tras anos de práctica, foi recoñecido como mestre zen polo *roshi* Ômori Sôgen, da escola Rinzai. Foi un

1 Dos seus abundantes libros en xaponés, só dispoñiamos ata non hai moito da tradución castelá de *El Zen y la Biblia: Lectura corporal do Koan y la Biblia (Vivencia zen de un cristiano)*, Ediciones Paulinas, Madrid 1981. Os seus discípulos publicaron unha nova edición –póstuma– desta obra, revisada e madurada polo autor nos últimos anos da súa vida: *El Zen y la Biblia: Lectura corporal de la Palabra y luces del Kôan*, trad. e ed. Juan Masiá e Pedro Vidal, San Pablo, Madrid 2019. *Por el camino del Oriente*, publicado en México (COLMICH/ITESO, Zamora, Michoacán, 2000), pasou case inadvertido entre nós.